

Artigo 2º.-Para a concesión de axudas ao abeiro da devandita Orde do 21 de setembro de 2000 con cargo ao exercicio orzamentario 2006, o prazo de presentación de solicitudes será de corenta (40) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, salvo no caso de que a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano correspondente estableza o contrario. Neste último caso quedará fixado o prazo de presentación de solicitudes segundo o disposto nesta lei.

Artigo 3º.-Con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión de axuda, os solicitantes deberán acreditar que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Artigo 4º.-A elección da oferta dos provedores en gastos superiores a 30.000 euros no suposto de custo de execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo, deberá adaptarse ao contido do punto 3 do artigo 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro). O solicitante presentará un único orzamento coa solicitude da axuda, debendo xustificar expresamente nunha memoria a solicitude dos tres orzamentos; e de ser o caso, xustificará a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Artigo 5º.-Os expedientes de axudas presentados ao abeiro da convocatoria 2005 respecto dos que non recaeu resolución expresa de concesión de axuda, poderanse ter en conta na convocatoria de 2006, sempre que o interesado así o solicite expresamente, e cumpra o disposto nesta convocatoria.

Artigo 6º.-A proposta de concesión da axuda será formulada por un órgano colexiado ao órgano concedente a través do órgano instructor. O órgano colexiado estará composto polos seguintes membros:

Presidente: director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.

Vogais: un funcionario adscrito á Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca designado polo presidente e os xefes de Servizo de Estruturas e Mercados da Pesca de cada unha das delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

En caso de imposibilidade de asistir a algunha das sesións, os membros do órgano colexiado poderán ser substituídos pola persoa que designe o presidente.

Disposición derradeira

Única.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2006.

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

Orde do 3 de xaneiro de 2006 pola que se modifica a do 17 de xullo de 2000, pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas para a creación, renovación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas de manipulación, transformación, conservación, tratamento e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura, e se particulariza para o exercicio 2006 o devandito procedemento, tramitada como expediente anticipado de gasto.

A aplicación das disposicións da Orde do 17 de xullo de 2000 pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas para a creación, renovación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas de manipulación, transformación, conservación, tratamento e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura (DOG nº 149, do 2 de agosto) modificada polas ordes do 30 de decembro de 2002 (DOG nº 252, do 31 de decembro) e do 29 de decembro de 2003 (DOG nº 253, do 31 de decembro), establece no seu artigo 4 que nos exercicios sucesivos da vixencia do actual Programa Operativo IFOP 2000-2006 as axudas outorgaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias que para esta mesma finalidade se determinen na Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma do ano correspondente.

Rematado o procedemento de concesión de axudas para o exercicio 2005 ao abeiro da referida orde e aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2006, cómpre establecer as condicións particulares para a concesión destas axudas no vindeiro exercicio.

A Orde do 17 de xullo de 2000 establece no artigo 15 o prazo de presentación de solicitudes. Este artigo foi modificado posteriormente pola Orde do 29 de decembro de 2003 (DOG nº 253, do 31 de decembro), pola que se modifica a orde antes mencionada e se particulariza para o exercicio 2004.

O artigo 1º, 1.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998 (DOG nº 34, do 19 de febreiro) sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG nº 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG nº 209, do 29 de outubro) establece que os expedientes de gasto relativos a subvencións poderán iniciarse sempre que as necesidades que se teñan que satisfacer poidan ser razoablemente previstas anticipadamente no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos que se vaian imputar os correspondentes gastos, aínda cando a súa execución se realice nunha ou en varias anualidades; no primeiro caso, sempre que exista crédito axeitado e suficiente no proxecto dos orzamentos xerais da comunidade autónoma aprobado polo Consello da Xunta de Galicia que

corresponda ao exercicio orzamentario no que se vaia materializar a contraprestación, e no segundo, sempre que exista crédito para a primeira anualidade e que se cumpran os requisitos do artigo 58 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Ademais, o artigo 3, 3.3 estende expresamente esta posibilidade de tramitación anticipada aos expedientes relativos ás bases reguladoras ou convocatorias de axudas derivadas da aplicación de regulamentos comunitarios con financiamento procedente de fondos europeos, sempre que exista regulación das axudas pola Unión Europea ou de ámbito estatal ditada en desenvolvemento ou trasposición dela e existan compromisos de financiamento destinados á aplicación das correspondentes medidas.

Por outra banda, a Lei estatal 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro), establece unha serie de disposicións que polo seu carácter de lexislación básica resultan de aplicación a todos os réximes de axudas, debendo incorporarse ao procedemento para a súa correcta xestión.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Para o exercicio orzamentario 2006, as axudas ao abeiro da Orde do 17 de xullo de 2000 pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas para a creación, renovación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas de manipulación, transformación, conservación, tratamento e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura (DOG nº 149, do 2 de agosto) outorgaranse con cargo á aplicación 14.03.721B.770.0, que figura dotada no proxecto de orzamento de gastos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para 2006, na que normalmente existirá crédito axeitado e suficiente, e ata o importe máximo de 3.244.026,10 euros, reservándose para o efecto o correspondente crédito.

Estes importes poderán ser ampliados en función das disponibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto.

De conformidade co disposto na Orde do 11 de febreiro de 1998 (DOG nº 34, do 19 de febreiro) sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG nº 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG nº 209, do 29 de outubro), a concesión das correspondentes axudas queda sometida en todo caso á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006 no momento da resolución.

Artigo 2º.-Para a concesión de axudas ao abeiro da devandita Orde do 17 de xullo de 2000 con cargo ao exercicio orzamentario 2006, o prazo de presentación de solicitudes será de corenta (40) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, salvo no caso de que a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano correspondente establecera un prazo mínimo superior. Neste último caso quedará fixado o prazo de presentación de solicitudes segundo o disposto nesta lei.

Artigo 3º.-Con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión de axuda, os solicitantes deberán acreditar que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Artigo 4º.-A elección da oferta dos provedores en gastos superiores a 30.000 euros no suposto de custo de execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo, deberá adaptarse ao contido do punto 3 do artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro). O solicitante presentará un único orzamento coa solicitude da axuda, debendo xustificar expresamente nunha memoria a solicitude dos tres orzamentos; e de ser o caso, xustificará a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Artigo 5º.-Os expedientes de axuda presentados ao abeiro da convocatoria 2005 respecto dos que non recaeu resolución expresa de concesión de axuda, poderanse ter en conta na convocatoria de 2006, sempre que o interesado así o solicite expresamente, e cumpra o disposto nesta convocatoria.

Artigo 6º.-A proposta de concesión da axuda será formulada por un órgano colexiado ao órgano concedente a través do órgano instrutor. O órgano colexiado estará composto polos seguintes membros:

Presidente: director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.

Vogais: un funcionario adscrito á Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca designado polo presidente e os xefes de Servizo de Estruturas e Mercados da Pesca de cada unha das delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

En caso de imposibilidade de asistir a algunha das sesións, os membros do órgano colexiado poderán ser substituídos pola persoa que designe o presidente.

Disposición derradeira

Única.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2006.

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca y Asuntos Marítimos

Orde do 3 de xaneiro de 2006 pola que se modifica a do 26 de xullo de 2000, pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión de axudas a investimentos no ámbito da acuicultura, e se particulariza para o exercicio 2006 o devandito procedemento, tramitada como expediente anticipado de gasto.

A Orde do 26 de xullo de 2000 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión de axudas a investimentos no ámbito da acuicultura mariña (DOG nº 150, do 3 de agosto), modificada polas ordes do 1 de decembro de 2000 (DOG nº 49, do 9 de marzo de 2001) e do 26 de novembro de 2002, que as fai extensivas á concesión de axudas no ámbito da acuicultura en augas continentais (DOG nº 231, do 29 de novembro), establece no seu artigo 4 que nos exercicios sucesivos de vixencia do actual programa operativo IFOP 2000-2006 as axudas se outorgarán con cargo ás aplicacións orzamentarias que para esta mesma finalidade se determinen na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do ano correspondente.

A Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2005, prevé que o prazo de presentación de solicitudes das axudas non será inferior a corenta días naturais.

Por outra banda, a Lei estatal 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro), establece unha serie de disposicións que polo seu carácter de lexislación básica resultan de aplicación a todos os réximes de axudas, debendo incorporarse ao procedemento para a súa correcta xestión.

E finalmente, o Regulamento (CE) nº 1421/2004, do Consello, do 19 de xullo, modifica o Regulamento (CE) nº 2792/1999, polo que se definen as modalidades e condicións das intervencións con finalidade estrutural no sector da pesca, establecendo uns novos criterios de priorización das medidas relacionadas coa acuicultura nos programas IFOP.

Aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o proxecto de Lei de orzamentos da comunidade autónoma para o vindeiro exercicio orzamentario, procede establecer o importe global máximo para a concesión destas axudas no exercicio de 2006.

Por todo o exposto, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Para a concesión de axudas ao abeiro da devandita Orde do 26 de xullo de 2000 con cargo ao exercicio orzamentario 2006, o prazo de presentación de solicitudes será de corenta (40) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, salvo no caso de que a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano correspondente establecese un prazo mínimo superior. Neste

último caso quedará fixado o prazo de presentación de solicitudes segundo o disposto nesta lei.

Artigo 2º.-As axudas outorgaranse con cargo á aplicación orzamentaria 14.03.721B.771.1, que figura dotada no proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006, ata un importe máximo de 15.500.000 euros.

Este importe poderá ser ampliado en función das disponibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto.

En todo caso, e de conformidade co disposto na Orde do 11 de febreiro de 1998 (DOG nº 34, do 19 de febreiro), sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, o gasto que se proxecta queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006.

Artigo 3º.-Para o outorgamento das axudas teranse en conta os criterios establecidos nas alíneas d) e e) do punto 2.2 Acuicultura do anexo III do Regulamento (CE) nº 2792/1999, polo que se definen as modalidades e condicións das intervencións con finalidade estrutural no sector da pesca, segundo modificación operada polo Regulamento (CE) nº 1421/2004, do Consello, do 19 de xullo de 2004.

Artigo 4º.-Con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión de axuda, os solicitantes deberán acreditar que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Artigo 5º.-A elección da oferta dos provedores en gastos superiores a 30.000 euros no suposto de custo de execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento, deberá adaptarse ao contido do punto 3 do artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro). O solicitante presentará un único orzamento coa solicitude da axuda, debendo xustificar expresamente nunha memoria a solicitude dos tres orzamentos; e de ser o caso, xustificará a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Artigo 6º.-A xestión destas axudas será realizada pola Dirección Xeral de Estructuras e Mercados da Pesca coa colaboración dos servizos periféricos da consellería.

Artigo 7º.-Os expedientes de axuda presentados ao abeiro da convocatoria 2005 respecto dos que non recaeu resolución expresa de concesión de axuda, poderanse ter en conta na convocatoria de 2006, sempre que o interesado así o solicite expresamente, e cumpra o disposto nesta convocatoria.

Artigo 8º.-A proposta de concesión da axuda será formulada por un órgano colexiado ao órgano con-